

**FICHA TÉCNICA**  
**INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA**  
**PATACA DE GALICIA**

**Creación:** Por orde do 19 de setembro de 1996 da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, recoñécese a denominación específica Pataca de Galicia (DOG 7.10.1996)

**Regulamentación:** Regulamento aprobado por Orde do 26 de xullo de 2010 (DOG 29.7.2010).  
Inscrita no rexistro da UE polo R(CE)148/2007 de 15 de febreiro de 2007 (DOUE do 16.02.2007).  
Modificado polo Regulamento de Execución (UE) N° 1366/2011 da Comisión (DOUE do 22.12.2011).

**Enderezo:** Finca A Devesa, s/n  
32630 Xinzo de Limia - Ourense  
Tel.: 988 46 26 50  
Fax: 988 46 26 50  
correo electrónico:  
[patacadegalicia@patacadegalicia.es](mailto:patacadegalicia@patacadegalicia.es)  
Web: [www.patacadegalicia.es](http://www.patacadegalicia.es)

**Presidente:** Julio Gómez Fernández

**Rexistros a 31 de decembro de 2011:**

Produtores:	89
Almacenistas:	10
Superficie:	253,72 ha


**Volume de actividade no ano 2011:**

Produción controlada:	8.461.340 kg
Produción comercializada:	5.266.287 kg
Valor económico estimado:	2.106.000 €

## Zona amparada pola IXP Pataca de Galicia

As zonas de produción, almacenamento e envasado da pataca de consumo protexida pola IXP Pataca de Galicia están constituídas polos terreos aptos ubicados nas seguintes subzonas:

- Bergantiños (A Coruña)
- Terra Chá-A Mariña (Lugo)
- Lemos (Lugo)
- A Limia (Ourense)



## **Produto protexido**

A protección outorgada pola IXP Pataca de Galicia corresponde ás patacas de consumo da variedade Kennebec, cultivadas segundo as prácticas de cultivo tradicionais do xeito máis esmerado para acadar unha calidade óptima.

De acordo coa nova redacción do prego de condicións (DOG nº 14 do 22.01.2010), comercialízase en envases novos, limpos e de materiais axeitados para favorecer unha correcta ventilación e transporte do produto. Nestes envases, que poden ser de 15, 10, 5, 4, 3, 2 e 1 kg, figurará nun 1/3 da súa cara principal o logotipo da IXP Pataca de Galicia e a etiqueta comercial xunto coa contraetiqueta numerada expedida polo consello regulador. Tamén se autorizan envases de 20 e 25 kg para destinar á hostalería.

## **Características**

Os tubérculos comercializados co amparo desta indicación xeográfica presentan unha forma entre redonda e oval, con presenza de ollos moi superficiais, pel de aparencia lisa e fina e de cor amarela clara. A súa carne, de cor branca, é de textura firme e cremosa ao ser cocida e consistente en boca. A calidade para consumo é excelente, destacando polo seu contido en materia seca (superior ao 18%) e por manter as súas calidades de cor, aroma e sabor, aínda despois de ser cociñadas.

## Evolución da produción de pataca amparada pola IXP Pataca de Galicia

